



REGULAMENTO DA COMISIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2024

Art. 1. Creación da Comisión de Relacións Internacionais

A Comisión de Relacións Internacionais crease para dar cumprimento ao Plano Estratéxico da Universidade da Coruña como o órgano colexiado encargado de fortalecer a dimensión internacional da universidade, ordenando e desenvolvendo as actividades relacionadas coa súa proxección internacional.

Art. 2. Composición da Comisión de Relacións Internacionais

1. A Comisión de Relacións Internacionais estará constituída por:
 - a) o reitor, ou persoa en quen delegar, que a preside;
 - b) o/a vicerreitor/a con competencias en internacionalización, ou persoa en que delegar;
 - c) os/as adxuntos/as da vicerreitoría con competencias en internacionalización;
 - d) 5 representantes dos coordinadores de relacións internacionais dos centros, escollidos por sorteo;
 - e) 2 técnicos da Oficina de Relacións Internacionais
 - f) 1 membro do Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos, escollido por sorteo entre os representantes deste sector no Consello de Goberno
 - g) 3 membros do estudantado, escollidos por sorteo entre os representantes deste sector no Consello de Goberno
2. A presidencia da comisión designará ao/á secretario/a do órgano de entre os seus membros, que actuará con voz e con voto.
3. Os membros da Comisión serán nomeados polo Reitor.

Art. 3. Competencias da Comisión de Relacións Internacionais

Correspóndelle á Comisión de Relacións Internacionais o exercicio das seguintes funcións:



- a) desenvolver as liñas de actuación da política de relacións internacionais da UDC, coordinando as actividades das vicerreitorías nesta materia;
- b) propor liñas de actuación da Universidade da Coruña en materia de relacións internacionais;
- c) propor e velar polo cumprimento dos criterios aplicables en todos os aspectos do funcionamento dos programas de intercambio e de mobilidade internacional, incluíndo o establecemento das normas relativas ao recoñecemento de créditos;
- d) asesorar aos órganos da Universidade da Coruña sobre cuestións relacionadas coa internacionalización nos casos que lle sexan requiridos;
- e) informar as resolucións de recursos interpostos ante o reitor por cuestións relativas a programas internacionais de mobilidade;
- f) coñecer e facer achegas á planificación anual de actividades elaborada pola Oficina de Relacións Internacionais;
- g) cantas outras funcións competan á definición da política de relacións internacionais que lle sexan encomendadas por outras normas ou outros órganos superiores da Universidade.

Art. 4. Funcionamento da Comisión de Relacións Internacionais

1. A Comisión de Relacións Internacionais reunirse cando menos dúas veces por ano, ou cando o esixan un terzo dos seus membros.
2. Das reunións que se celebren levantarase acta polo/a secretario/a, que recollerá a data e lugar de celebración, as persoas asistentes, a orde do día e os acordos adoptados.
3. O presidente poderá convidar as sesións da Comisión, con voz máis sen voto, a persoas alleas á mesma, polo coñecemento dos temas a tratar.

Art. 5. Mandato e renovación dos membros da Comisión

1. A duración dos mandatos dos membros de todos os sectores será de tres (3) anos.
2. A condición de membro da Comisión pérdese por transcurso do prazo de tres anos, renuncia, perda da condición en virtude da que foi nomeado ou por acordo do órgano que o designou.